

BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOL. IV / 1992 / NUM. 4
SEMANAS 13-16 / 1992
(22 marzo 1992 / 18 abril 1992)



RECOMENDACIONES PARA O USO DA VACINA ANTIGRIPIAL

1.—INDICACIONES:

A vacina antigripal está especialmente recomendada en calquera persoa de 6 ou máis meses de idade que, pola súa idade ou condición médica, teña aumentado o risco de contraer, e polo tanto sofrir-las complicacións derivadas da gripe.

Os traballadores da saúde e outras persoas (familiares) que estean en contacto íntimo e pechado con persoas de risco, deberíanse vacinar tamén.

GRUPOS OBXECTO DAS CAMPAÑAS DE VACINACIÓN

Para alcanza-la máxima protección das persoas de alto risco, tanto elas como os seus contactos íntimos (persoas que lles atenden, familiares, convivintes, etc.) deben ser obxecto de programas organizados de vacinación.

GRUPOS CON MAIOR RISCO DE PADECER COMPLICACIONES DERIVADAS DA GRIPE

1. Individuos de 65 anos ou máis.
2. Residentes de calqueira idade en institucións pechadas, que padezan procesos crónicos.
3. Adultos ou nenos con enfermidades crónicas pulmonares ou cardiovasculares, incluíndo a nenos asmáticos.
4. Adultos ou nenos que precisaron revisións médicas regulares ou hospitalización durante o ano anterior a causa de enfermidades metabólicas crónicas (incluíndo diabete mellitus), alteracións renais, hemoglobinopatías ou inmunosupresión, incluíndo inmunosupresión debida á medicación.

5. Nenos e adolescentes (6 meses-18 anos) con tratamentos prolongados de aspirina, xa que teñen un maior risco de desenvolver a Síndrome de Reye tras unha gripe.

GRUPOS POTENCIALMENTE CAPACES DE TRANSMITIR LA GRIPE A OUTRAS PERSOAS DE ALTO RISCO

O persoal ó coidado de persoas de alto risco poden contaxiar de gripe a estas, tanto mentres estean afectados por infección subclínica, como cando seguen traballando a pesares da existencia de síntomas.

Algunhas persoas de alto risco (por exemplo: anciáns, receptores de transplantes ou persoas con SIDA) poden presentar unha resposta inmunolóxica relativamente baixa á vacinación antigripal. Débese protexer a estas persoas, aumentando os esforzos para minimiza-las posibilidades de que os seus coidadores lles transmitan a infección.

POR ESTA RAZÓN, DEBEN VACINARSE OS SEGUINTE GRUPOS:

1. Médicos, enfermeiras e calquera outro persoal hospitalario ou de ambulatorio que manteña contacto frecuente con pacientes pertencentes a grupos de risco de calqueira idade incluíndo os nenos.
2. Empregados de institucións pechadas e outras institucións para enfermos crónicos, que teñan contacto cos pacientes ou residentes.
3. Asistentes domiciliarios de persoas de grupos de risco (enfermeiras visitadoras, traballadores voluntarios, etc.).

4. Membros da familia e convivintes con persoas de grupos de risco (incluíndo nenos).

VACINACIÓN EN OUTROS GRUPOS POBOACIÓN XERAL

Débase administra-la vacina anti-gripal a calquera persoa que desexe reduci-las súas posibilidades de contrae-la infección. Nas persoas que realizan traballos esenciais para a Comunidade, e ós estudantes ou outras persoas pertencentes a ámbitos institucionais (p. ex.: escolas e colexios) debe considerarse a posibilidade da súa vacinación co fin de minimiza-la repercusión sobre as actividades rutinarias, en caso de epidemia.

MULLERES EMBARAZADAS

Non está documentado que exista un exceso de mortalidade asociado coa gripe en mulleres embarazadas, excepto nas grandes pandemias de 1918-19 e 1957-58. Nembargantes, as embarazadas que presenten outras condicións clínicas que aumenten o seu risco de sufrir complicacións derivadas da gripe deben vacinarse, xa que a vacina considérase segura para a muller embarazada.

Constitúe unha precaución razoable administra-la vacina despois do primeiro trimestre do embarazo, ca fin de evitar calqueira eventualidade derivada do teórico risco de teratoxemicidade. Pola contra non é convinte, se empeza a temporada de gripe, retrasa-la vacinación daquelas embarazadas que teñan condicións de alto risco, aínda que se atoparan no seu primeiro trimestre de embarazo.

PERSOAS INFECTADAS POLO VIH

Existe pouca información concerninte á frecuencia e severidade da enfermidade da gripe entre as persoas infectadas polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH), pero recentes estudos suxiren que os síntomas poden prolongarse e pode aumenta-lo risco de complicacións nas persoas infectadas polo VIH. Dado que a gripe pode derivar nunha enfermidade e complicacións serias, a vacinación é unha precaución prudente e tería como resultado niveis de anticorpos protectores en moitos receptores. Sen embargo, a resposta do anticorpo á vacina pode ser baixa en persoas con enfermidades relacionadas co VIH avanzado; unha dose de reinxección non millorou a resposta inmune para estes individuos.

PERSOAS QUE VIAXAN Ó EXTRANXEIRO

Cada vez con máis frecuencia, anciáns e persoas en condicións médicas de alto risco, realizan viaxes internacionais. O risco de exposición á gripe durante estas viaxes varía dependendo, entre outras cousas, da estación durante a que se viaxa e do destino. Nos trópicos a gripe pode incidir durante todo o ano; a época de maior incidencia no hemisferio sur é dende Abril a Setembro, mentras que no hemisferio norte a incidencia maior ocorre dende Outubro a Febreiro.

Debido ó curto período de incubación desta enfermidade, a exposición ó virus ó longo da viaxe soe desencadear moi a miúdo unha infección clínic que comenza durante o mesmo, e constituíndo un perigo potencial, especialmente nas persoas con alto risco de sufrir complicacións. As persoas que planifiquen viaxar ós trópicos en calquera época do ano ou ó hemisferio sur durante Abril-Setembro deben revisar a súa historia vacinal. Se non se vacinaron durante o outono-inverno precedente, vacinaranse antes de comenza-la viaxe. Se recomendará especialmente a vacinación de persoas englobadas na categoría de grupos de risco.

As persoas de alto risco que recibiran a vacina da temporada anterior previamente á viaxe, se revacinarán durante o outono-inverno seguinte, coa vacina actualizada.

PERSOAS QUE NON DEBEN SER VACINADAS

A vacina da gripe inactivada non debe ser administrada a persoas con hipersensibilidade anafiláctica ós ovos ou outros compoñentes da vacina da gripe sin consultar primeiramente ó médico (ver Efectos Secundarios e Reaccións Adversas). O hidrocloreuro de amantadina é unha opción para a prevención da gripe A en tales persoas. Nembargantes, as persoas que teñen un historial de hipersensibilidade anafiláctica ós compoñentes da vacina pero que teñen tamén un alto risco de complicacións de infeccións de gripe poden beneficiarse da vacina despois da insensibilización e avaliación alérxica apropiada. Pódese encontrar información específica sobre os compoñentes da vacina nas advertencias e contraindicacións no prospecto que inserta cada fabricante.

Xeralmente é preferible retrasa-la vacinación dos adultos con enfermidade febril aguda ata que os seus síntomas sexan aplacados. Nembargantes, enfermidades menores con ou sen febre non contraindicarán o uso da vacina da gripe, particularmente a nenos con infección do tracto respiratorio medio superior e rinitis alérxica (ver Academia Americana de Pediatría, O «The Red Book», 1991).

2.— COMPOSICIÓN:

Vacina trivalente de virus INACTIVADOS (mortos) e FRACCIONADOS.

Contendo os seguintes antíxenos:

* Cepa A/Beijing/353/89(H₃N₂), ou análoga, contindo 15 µg de hemaglutinina;

* Cepa A/Singapore/6/86(N₁H₁), ou análoga, contindo 15 µg de hemaglutinina; e

* Cepa B/Yamagata/16/88, ou análoga, contindo 15 µg de hemaglutinina, coma mínimo.

3.—PAUTA DE ADMINISTRACIÓN:

3.1. Vía: Preferentemente intramuscular.

En adultos e nenos maiorciños o lugar de elección é o músculo **deltoides**.

En lactantes e nenos pequenos é preferible a cara anterolateral do **muslo**.

**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN O
SEMANAS 13 - 16, d**

Z.S.A.I. E ÁREAS	RESPIRATORIAS											
	INFECC. RESP. AGUDAS		GRIPE		PNEUMONÍA		TUBERCULOSE RESPIRATORIA		INFECCIÓN MENIGOCÓCICA		OUTRAS MENINGITIS	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
Fene	706	3744	97	1089	13	73	1	5	0	0	0	0
O Ferrol	319	1210	54	256	11	53	1	9	1	5	0	0
Narón	795	4015	144	1160	10	84	1	3	0	0	0	0
Ortigueira	227	1359	38	425	7	35	0	3	0	0	0	0
O FERROL	2047	10328	333	2930	41	245	3	20	1	5	0	0
Betanzos	694	2943	90	867	13	56	1	6	0	0	0	0
Culleredo-O Burgo	843	3672	183	1358	34	133	2	8	0	0	0	0
A Coruña	2524	11928	635	4028	25	147	4	28	0	7	1	10
Carballo	606	2984	118	922	22	72	1	7	0	2	0	0
Cee	566	2787	270	1373	23	93	0	1	0	0	0	0
A CORUÑA	5233	24314	1296	8548	117	501	8	50	0	9	1	10
Boiro	120	573	59	433	9	14	0	1	0	0	0	0
A Estrada	630	2207	170	796	2	39	0	1	0	0	0	0
Lalín	380	2348	181	1600	7	78	1	10	0	0	0	0
Melide	234	1134	2	116	3	7	1	1	0	0	0	0
Noia	1064	4197	76	651	10	39	1	2	0	0	2	2
Ordes	388	1453	203	874	16	53	0	0	0	0	0	0
Padrón	292	1297	146	1144	13	72	1	2	1	1	0	0
Ribeira	180	857	66	684	2	32	1	1	0	0	0	0
Santa Comba	99	822	83	689	4	24	0	0	0	0	0	0
Santiago	1190	5664	225	1855	28	151	0	8	0	1	0	0
SANTIAGO	4577	20552	1211	8842	94	509	5	26	1	2	2	2
Marín	1110	5628	94	928	11	98	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	2166	10830	478	4801	56	351	10	26	0	1	0	5
Sanxenxo	342	1714	23	420	11	45	2	2	0	0	0	0
Vilagarcía de Arousa	1316	5497	182	1224	12	87	1	2	0	1	0	0
PONTEVEDRA	4934	23669	777	7373	90	581	13	30	0	2	0	5
Cangas	487	2945	54	919	5	38	0	5	0	0	0	1
Ponteareas	1394	6684	118	1074	20	160	2	5	0	0	0	0
Porríño	946	3770	57	956	12	93	0	2	0	0	0	0
Redondela	395	2017	28	347	7	30	0	2	0	0	0	0
Tui	501	3378	92	1163	25	123	0	0	0	0	0	0
Valmiñor	537	2254	62	703	9	43	0	1	0	0	0	0
Vigo	2931	15015	603	4552	87	479	34	121	4	18	5	25
VIGO	7191	36063	1014	9714	165	966	36	136	4	18	5	26
Carballiño	919	4931	180	1387	15	85	0	2	0	0	0	0
Celanova	436	2992	99	1096	8	41	0	2	0	2	0	0
Ourense	2359	12895	285	2899	65	451	5	30	1	4	1	1
Ribadavia	497	2767	162	1260	11	89	0	2	0	0	0	0
Verín	671	3623	68	601	10	47	1	4	0	0	0	0
Xinzo de Limia	342	2257	92	1106	16	102	0	1	0	0	0	0
OURENSE	5224	29465	886	8349	125	815	6	41	1	6	1	1
Monforte de Lemos	949	5449	181	1319	23	148	2	6	0	5	0	0
MONFORTE	949	5449	181	1319	23	148	2	6	0	5	0	0
Becerreá	180	1015	86	571	4	43	0	0	0	0	0	0
Lugo	1956	10857	188	2538	52	374	2	26	4	7	3	7
Sarria	411	1930	112	891	25	113	2	4	0	0	0	0
Vilalba	251	1487	77	627	8	48	0	1	0	0	0	0
LUGO	2798	15289	463	4627	89	578	4	31	4	7	3	7
Viveiro	204	1395	53	463	13	61	1	2	0	0	0	0
Cervo-Burela	338	1690	48	495	16	97	0	3	0	0	0	0
Ribadeo	323	1925	12	449	5	45	0	0	0	0	0	0
CERVO	865	5010	113	1407	34	203	1	5	0	0	0	0
O Barco	1400	7501	140	1973	19	121	0	4	0	1	0	0
O BARCO	1400	7501	140	1973	19	121	0	4	0	1	0	0
GALICIA	35218	177640	6414	55082	797	4667	78	349	11	55	12	51

* Os datos deste cadro son provisionais.

BRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS

o 22/03/92 ó 18/04/92

						ALIMENTARIAS									INMUNOPREVIBLES	
VARICELA		ESCARLATINA		FEBRE REUMÁTICA AGUDA		FEBRE TIFOIDEA E PARATIFOIDEA		TOXIINFECCIÓN ALIMENTARIA		OUTROS PROCESOS DIARREICOS		HEPATITE VÍRICA A		SARAMPELO		
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	
49	284	2	5	0	0	0	0	0	0	84	437	0	2	2	3	
16	25	0	1	0	0	0	0	1	2	24	141	0	0	0	1	
26	113	1	5	0	0	0	0	0	0	72	316	0	1	0	1	
28	50	0	2	0	0	1	1	0	0	33	117	0	1	0	0	
119	472	3	13	0	0	1	1	1	2	213	1011	0	4	2	5	
11	42	1	2	0	0	0	0	2	17	81	274	0	0	2	6	
58	221	1	4	0	0	1	1	1	1	97	347	1	1	12	24	
51	118	9	17	0	0	0	0	14	45	332	1544	0	0	9	38	
11	51	2	10	0	0	0	0	0	3	129	301	0	0	5	9	
16	90	0	1	0	0	0	0	6	8	149	375	0	0	0	0	
147	522	13	34	0	0	1	1	23	74	788	2841	1	1	28	77	
5	7	9	10	0	0	1	2	0	0	31	92	0	1	0	0	
26	34	0	1	0	0	0	2	0	2	60	175	0	0	24	68	
8	26	3	8	2	5	0	2	0	0	82	262	0	0	117	183	
1	6	0	0	0	0	0	0	0	0	84	190	0	0	0	0	
22	66	2	14	0	0	0	0	1	2	197	465	0	1	0	1	
26	99	1	2	0	0	0	0	8	8	59	151	0	0	0	0	
39	196	0	0	0	2	1	1	0	8	72	221	0	2	14	34	
5	20	0	0	0	0	1	1	0	1	48	137	0	1	0	0	
45	140	0	2	0	0	0	0	0	0	22	91	0	0	3	3	
31	132	5	9	0	0	0	1	4	6	145	600	0	3	32	48	
208	726	20	46	2	7	3	9	13	27	800	2384	0	8	190	337	
62	105	2	17	0	0	0	2	0	0	148	457	0	0	0	1	
105	303	6	10	2	7	2	6	5	9	327	1301	2	6	95	224	
3	11	0	3	0	0	0	0	0	4	32	142	1	6	11	47	
123	376	5	9	0	1	0	2	0	4	178	635	3	10	8	233	
293	795	13	39	2	8	2	10	5	17	685	2535	6	22	114	505	
22	41	2	3	0	1	0	1	0	1	59	233	1	4	1	1	
5	26	1	2	1	1	0	0	0	1	135	471	0	0	1	81	
55	126	0	2	2	2	0	1	0	4	66	291	0	0	21	54	
10	29	1	4	0	0	0	0	0	2	57	222	0	0	17	28	
68	226	1	17	0	3	0	0	1	5	101	395	0	0	5	101	
19	59	3	3	0	0	0	0	0	0	48	329	0	0	8	37	
172	522	25	48	2	20	3	12	25	66	486	1859	1	12	28	110	
351	1029	33	79	5	27	3	14	26	79	952	3800	2	16	81	412	
2	25	0	3	0	0	0	0	0	0	78	216	0	0	1	2	
5	24	0	0	0	0	1	3	0	1	36	210	0	2	0	1	
59	185	0	13	0	0	1	1	4	8	386	1306	0	7	9	11	
2	18	4	8	0	0	0	0	0	0	49	204	0	0	1	16	
9	29	0	0	0	0	0	0	0	3	105	266	0	0	0	1	
23	70	3	9	0	0	0	0	0	0	39	166	2	2	0	2	
100	351	7	33	0	0	2	4	4	12	693	2368	2	11	11	33	
34	47	0	0	1	7	0	0	0	1	104	372	0	0	22	31	
34	47	0	0	1	7	0	0	0	1	104	372	0	0	22	31	
4	64	0	1	0	0	0	0	0	0	27	80	0	0	0	3	
71	251	2	10	2	8	0	1	3	4	221	865	2	3	2	4	
18	74	0	0	1	3	0	1	0	0	48	96	0	0	0	4	
22	133	1	1	1	2	0	0	0	0	29	83	0	0	0	0	
115	522	3	12	4	13	0	2	3	4	325	1124	2	3	2	11	
1	2	0	0	0	0	0	0	0	2	46	258	0	0	0	0	
79	122	2	6	0	0	0	0	0	0	55	176	0	0	0	1	
12	55	2	2	0	1	0	0	0	0	30	87	0	1	0	3	
92	179	4	8	0	1	0	0	0	2	131	521	0	1	0	4	
48	127	3	3	0	0	0	0	0	0	94	491	0	0	1	7	
48	127	3	3	0	0	0	0	0	0	94	491	0	0	1	7	
1507	4770	99	267	14	63	12	41	75	218	4785	17447	13	66	451	1422	

**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS
SEMANAS 13 - 16, do 22/03/92 ó 18/04/92**

Z.S.A.I. E ÁREAS	INMUNOPREVISIBLES						TRANSMISION SEXUAL				ZOOSEOS		OUTRAS	
	RUBEOLA		PAROTIDITE		TOSEFERINA		SÍFILE		URETRITE GONOCOCICA		BRUCELOSE		HEPATITE VÍRICA B	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
Fene	1	3	0	3	0	1	0	0	0	5	0	0	0	0
O Ferrol	0	1	0	0	0	0	0	0	2	4	0	0	0	2
Narón	0	20	0	0	0	0	0	0	3	11	0	0	1	2
Ortigueira	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	0	0	0	0
O FERROL	1	24	0	3	0	1	0	0	7	22	0	0	1	4
Betanzos	4	8	0	0	0	0	0	0	1	4	0	0	0	1
Culleredo-O Burgo	10	25	7	9	0	0	0	0	2	6	0	0	0	1
A Coruña	4	13	2	4	1	6	0	0	4	19	0	0	0	4
Carballo	11	17	0	2	0	0	0	0	0	7	0	0	0	1
Cee	0	0	0	0	0	0	0	0	2	6	0	0	0	0
A CORUÑA	29	63	9	15	1	6	0	0	9	42	0	0	0	7
Boiro	0	0	0	1	0	0	0	0	7	9	0	0	0	0
A Estrada	1	3	0	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Lalín	0	0	0	1	0	0	0	0	2	6	0	0	0	0
lide	0	0	0	0	0	0	0	0	2	4	0	0	0	0
Noia	1	1	0	0	0	0	0	0	4	20	0	0	1	2
Ordes	0	0	0	0	0	0	0	0	3	12	0	0	0	0
Padrón	0	2	0	0	0	0	0	0	4	4	0	0	0	0
Ribeira	0	0	0	0	0	0	0	0	1	3	0	0	1	1
Santa Comba	0	0	0	0	0	0	0	0	2	4	0	0	0	0
Santiago	2	4	0	0	0	0	1	1	8	47	0	0	1	2
SANTIAGO	4	10	0	6	0	0	1	1	33	109	0	0	3	5
Marín	1	2	0	1	0	0	0	0	4	16	0	0	0	2
Pontevedra	1	3	0	2	0	0	0	0	4	19	0	0	0	1
Sanxenxo	0	0	0	0	0	0	0	0	1	3	0	0	2	2
Vilagarcía de Arousa	0	3	2	5	0	0	0	0	5	20	0	0	0	0
PONTEVEDRA	2	8	2	8	0	0	0	0	14	58	0	0	2	5
Cangas	1	3	0	1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0
Ponteareas	0	0	0	1	0	0	1	1	4	18	0	0	0	0
Porríño	3	6	1	1	0	0	0	0	1	3	0	0	0	0
Redondela	0	0	0	0	0	0	0	0	7	18	0	0	0	0
Tuí	0	0	0	1	0	0	0	0	6	29	0	0	0	0
miñor	5	8	1	2	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0
Vigo	3	6	1	15	0	0	0	3	4	26	0	0	2	17
VIGO	12	23	3	21	0	0	1	4	22	97	0	0	2	17
Carballiño	0	0	0	0	0	0	0	0	1	13	2	2	0	2
Celanova	0	0	0	0	0	0	0	0	5	16	0	2	0	1
Ourense	0	0	4	6	0	0	3	6	11	56	1	6	1	7
Ribadavia	1	2	0	0	0	0	0	0	2	15	0	0	0	0
Verín	0	0	1	1	0	0	0	0	4	32	0	4	0	1
Xinzo de Limia	0	1	0	0	0	0	0	0	2	25	0	0	0	0
OURENSE	1	3	5	7	0	0	3	6	25	157	3	14	1	11
Monforte de Lemos	4	4	0	2	0	0	0	0	7	21	0	0	0	0
MONFORTE	4	4	0	2	0	0	0	0	7	21	0	0	0	0
Becerreá	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0
Lugo	0	0	1	1	0	0	1	4	5	16	0	0	2	5
Sarria	0	0	0	0	0	0	0	0	1	6	0	0	0	0
Vilalba	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0
LUGO	0	0	1	1	0	0	1	4	6	25	0	0	2	5
Viveiro	0	0	0	1	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0
Cervo-Burela	0	0	0	0	0	1	0	1	1	1	0	1	0	0
Ribadeo	1	3	0	0	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0
CERVO	1	3	0	1	0	1	0	1	1	5	0	1	0	0
O Barco	0	0	0	0	0	2	0	0	5	29	1	2	0	0
O BARCO	0	0	0	0	0	2	0	0	5	29	1	2	0	0
GALICIA	54	138	20	64	1	10	6	16	129	565	4	17	11	54

* Os datos deste cadro son provisionais.

3.2. Tipo de vacina e doses segundo idade do paciente

IDADE	TIPO	DOSES	Nº DE DOSES	VÍA
6-35 meses	Só Virus Fraccionado	0,25 ml.	1 ou 2	IM
3-8 anos	Só Virus Fraccionado	0,50 ml.	1 ou 2	IM
9-12 anos	Só Virus Fraccionado	0,50 ml.	1	IM
>12 anos	Virus enteiros ou fraccionados	0,50 ml.	1	IM

NOTA:

* *En nenos* deben usarse soamente vacinas de virus fraccionados tamén denominados: «split» virus, «subvirus» ou «antíxeno de superficie purificado», debido á súa menor capacidade para producir reaccións febriles.

* *En adultos* a capacidade inmunoxénica e os efectos secundarios nas vacinas de virus enteiros son similares ás debidas á vacinas con virus fraccionados, podendo utilizarse en calqueira delas.

* *En nenos menores de 9 anos*, que non se vacinaron previamente recoméndase a aplicación de 2 doses, separadas entre si ó menos 4 semanas.

* *En adultos*, a aplicación dunha segunda dose, durante a mesma temporada, NON MOSTROU UN AUMENTO SIGNIFICATIVO DA RESPOSTA DE ANTICORPOS, NIN UNHA MAIOR PROTECCIÓN CLÍNICA.

4.—EFICACIA.

—Tra-la vacunación a maioría dos nenos e adultos xóvenes desenvolven elevados títulos de anticorpos que protexen contra a infección de cepas similares ás incluídas nas vacinas, ou de variantes relacionadas que poidan xurdir durante os períodos epidémicos.

—Os anciáns e as persoas con enfermidades crónicas poden desenvolver títulos máis baixos de anticorpos que nos xóvenes sans e, por isto, poden permanecer susceptibles á infección do tracto respiratorio *superior*.

Nembargantes incluso naquelas persoas que desenvolvan a infección gripal, a vacina mostrouse eficaz para previr a afección do tracto respiratorio *inferior* ou outras complicacións, reducindo así o risco de hospitalización e morte.

5.—EFECTOS SECUNDARIOS.

Dado que a vacina antigripal **contén soamente virus non infecciosos** (mortos), non pode ocasionar a gripe.

Calqueira enfermidade respiratoria que aconteza inmediatamente despois da vacunación, representa unha infección coincidente inadvertida no momento daquela.

O efecto secundario máis frecuente é a reacción local (dolorimento, eritema,...) que dura menos de 48 horas, no lugar da inxección; este efecto aparece aproximadamente en 1/3 dos vacunados.

Con menor frecuencia poden ocorrer dous tipos de reaccións sistémicas:

1.—Febre, malestar, mialxias e outros síntomas sistémicos, que se inician ás 6-12 horas tra-la vacunación, e persisten 1-2 días. Afectan máis a miúdo a aquelas persoas que non estiveran expostas ós antíxenos do virus da gripe contidos na vacina (por ex.: persoas xóvenes).

2.—Con moi pouca frecuencia poden aparecer reaccións inmediatas (presumiblemente alérxicas), manifestándose como anxioedema, asma ou anafilaxia.

Probablemente estas reaccións prodúcense por hipersensibilidade a algún compoñente da vacina (habitualmente por proteínas residuais do ovo).

6.—PRECAUCIÓNS.

Aínda que a vacina pode inhibir o aclaramento da warfarina e o da teofilina, hai estudos que non poideron demostrar efectos clínicos adversos atribuíbles a estes fármacos en pacientes que recibiron a vacina.

NOTA:

A Aplicación da vacina NON ESTÁ CONTRAINDICADA en persoas inmunodeficientes calquera que sexa o motivo: inmunosupresión farmacolóxica, neoplasias, infección por VIH, etc.,..., dado que é unha vacina inactivada e polo tanto non existe risco de proliferación viral incontrolada. Ó contrario, ditas persoas forman parte dun grupo de indicación específica.

Unicamente pode esperarse delas unha menor resposta inmune.

7.—ADMINISTRACIÓN SIMULTÁNEA DOUTRAS VACINAS, INCLUÍDAS AS VACINAS INFANTÍS.

Os nenos de alto risco poden recibir a vacina da gripe ó mesmo tempo que a triple vírica Haemóphilus B, Neumocócica e Polio oral. Deben, nembargantes, ser aplicadas en diferentes lugares. A vacina da gripe non debe ser administrada nos tres días seguintes á aplicación da vacina da tose ferina.

8.—CADEA DE FRÍO.

A vacina conservarase entre +2° C e +8° C. Debe evitarse a súa conxelación.